



UNIDADE 2

Momentos especiais

Pídalles aos seus alumnos que abran o libro na páxina 17 e coméntelles que a foto da portada reflicte un momento especial na vida dunha persoa. A seguir, pregúntelles: **De que momento especial se trata?** Verifique se os seus alumnos adoitan celebrar o seu aniversario e pídalles que relaten brevemente algunha ocasión na que a celebración foi especial. Tamén lles pode preguntar se lles gustan as festas de aniversario e por que ou se foron a algunha da que gardan unha particular lembranza.

Para rematar, infórmeos dos contidos desta unidade, así como do que van facer na tarefa final: falar de recordos importantes.

Momentos especiais



comprender

1. UN DÍA NA HISTORIA

Completar un cadro con información obtida a partir do testemuño de tres persoas. Relatar un momento especial.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta primeira actividade proporciñalles aos alumnos mostrase de lingua onde se empregan dous tempos verbais do pasado: o pretérito e o copretérito. Posto que ambos xa son coñecidos polos estudantes, non deberían supor ningún problema para que se comprendan os relatos. Tente centrar a atención dos estudantes na comprensión do significado e do contexto: tres persoas contan como viviron un momento histórico que os impresionou especialmente. De todos os xeitos, recomendámoslle que non leve a cabo aínda unha reflexión profunda sobre o contraste entre os dous tempos do pasado, senón que aproveite o ítem B para facilitarlles unha pauta que lles axude a construír os seus relatos. No ítem C xa se lles pide aos estudantes unha pequena produción na que teñen que empregar o pretérito e o copretérito.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado o título da actividade e pregúntelles aos seus alumnos: **Algunha vez fostes testemuñas directas dun momento histórico?** Se algún estudante contesta afirmativamente, interésese por saber de que momento se trata e dos detalles que queira engadir. Se só hai respostas negativas, pode preguntarlles se coñecen alguén que o foi ou se lles gustaría vivir esa experiencia e por que.

PROCEDEMENTOS

A. Preséntelles aos seus alumnos as fotos que aparecen na páxina 18 e pídalles que escoiten atentamente as tres persoas da gravación, que contan como viviron un momento determinado. Deseguida, indíquelles que relacionen cada foto con cada un dos relatos e que anoten en cada caso a data do acontecemento.

Solución

1. 23-F
2. 25 de xullo de 1993 (Xacobeo)
3. 6 de abril de 1981

B. A continuación, indíquelles aos estudantes que volvan escoitar os testemuños e que completen a información da táboa. Se ve que teñen dificultades en facelo, vólvalles poñer a gravación. De todos os xeitos, permítalles que comparen as súas respostas coas dun compañeiro antes da posta en común.

Solución

1. *Cos pais e co irmán. Na casa. Xogando na eira. (O golpe de Estado). Suspenderon a programación infantil;*

os seus pais estaban pendentes da televisión; foi xogar á eira.

2. *Cuns amigos. En Santiago de Compostela. Celebrando o Xacobeo (o Camiño de Santiago). Fixo o Camiño de Santiago e coñeceu a súa parella.*
3. *Coa súa familia. Na casa de súa nai. Recordando o seu avó (nun xantar familiar). Aprobouse o Estatuto de autonomía e celebrouno xantando coa súa familia e brindando con champaña.*

2. HISTORIAS DE BALBINO

Ler un fragmento da novela *Memorias dun neno labrego* e situalo nun dos momentos da historia de Galicia que se facilitan.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Memorias dun neno labrego, de Xosé Neira Vilas, é o libro máis lido da literatura galega e xa se traduciu a varios idiomas: ruso, chinés, checo, inglés, alemán, portugués, catalán e éuscaro. Foi escrito en 1960 e a primeira edición publicouse en Arxentina en 1961. Daquela, enviáronse algúns exemplares a Galicia, que foron moi ben acollidos, o que fixo que se reeditase varias veces.

O protagonista da novela é Balbino, un rapaz aldeán que, nas experiencias que conta, mostra a súa estrañeza ante a pobreza e as inxustizas sociais do seu contorno. Aínda que non se trate dunha autobiografía, o argumento parte dun contexto e dunha época moi concretos e coñecidos do autor, segundo relata nestas palabras: “Hai un escenario e un ambiente, que son os da miña terra, a miña xente e o meu tempo: as terras e xentes de Vila de Cruces nun tempo de posguerra, alá pola metade ou remate dos anos corenta”.

O fragmento que se mostra na actividade pon de relevo un dos fenómenos máis característicos da Galicia de posguerra: a emigración. Daquela, moitos galegos marchaban principalmente a distintos países de América, como Arxentina, Brasil, Chile, Cuba, Estados Unidos, Uruguai e Venezuela, con vistas a mellorar a súa calidade de vida. Aínda que esta mellora na maioría das veces estaba relacionada coas necesidades económicas, un elevado número de persoas deixaba a súa terra por motivos políticos ou na busca dun maior crecemento intelectual e de oportunidades de estudar e ampliar a súa visión do mundo, como foi o caso de Xosé Neira Vilas, segundo declarou el mesmo.

Se dispón dun exemplar do libro, léveo á clase para mostrarllelo aos seus alumnos.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado a palabra **labrego** e pregúntelles aos estudantes que entenden por ela. É bastante probable que non teñan dificultades en contestar que se trata dunha **persoa que traballa e que vive no campo**. De non ser así, acláreo vostede.

PROCEDEMENTOS

Móstralles aos seus alumnos a portada e o título do libro de Xosé Neira Vilas. Deseguido, pídalles que lean o fragmento e que traten de situalo nun dos momentos da historia de Galicia, cuxos fitos máis importantes se relacionan na columna da dereita. Antes de darlles a solución, anímeos a que contrasten as súas hipóteses en parellas ou en grupos de tres. Logo, faga unha posta en común.

Solución

Na década dos 40, no período da posguerra. De todos os xeitos, tamén se considera como resposta correcta *na primeira metade do século XX, nos fluxos migratorios*, xa que o período de posguerra non figura explícito no fragmento.

E DESPOIS

Se os estudantes mostran interese, promova unha pequena conversa na que discutan sobre o fenómeno da emigración en Galicia. Pode orientalos, pondo no encerado algúns ítems sobre os que terán que dar o seu punto de vista. Recorde que a información de “Observacións previas” poderá servirle de axuda. Como exemplos, pódelles propoñer os seguintes temas:

- **As principais causas e consecuencias da emigración.**
- **Os períodos ou ciclos máis importantes.**
- **As obras de arte relacionadas.**

Se o prefire, tamén pode distribuír os temas entre os grupos e pedirles aos seus alumnos que os investiguen e que traian información para pasarllela aos demais compañeiros na clase seguinte.

Como se trata dunha obra moi importante da literatura galega, recoméndelles aos estudantes a lectura de *Memorias dun neno labrego*. Asemade, anímeos a que vexan o documental *Neira Vilas, Memorias dun neno labrego, o libro*, producido no 2004 polo Audiovisual Galego e dirixido por Ismael González Díaz e Xan Pérez Leira.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 93, exercicio 6.

**3. CANDO VOLVÍA Á CASA...**

Reflexionar sobre algúns valores do pretérito e do copretérito no relato de feitos pasados.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade ten como obxectivo comparar algúns matices de significado do pretérito e do copretérito no

relato e na descrición de feitos pasados, en contextos nos que ambas as formas son válidas.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado:

Pedro viu a Marta cando baixou a escaleira.

Pedro viu a Marta cando baixaba a escaleira.

Logo, pregúntelles que diferenzas se observan ao cambiar o verbo da segunda oración (subordinada) de pretérito a copretérito.

É bastante probable que contesten que no primeiro caso o “feito de ver a Marta” se realizou cando Pedro xa estaba ao pé da escaleira; é dicir, cando a acción de baixala xa estaba completamente rematada. Xa no segundo, a acción de baixar a escaleira aínda estaba en proceso, sen concluír, cando viu a rapaza. Se os seus alumnos non chegan a esta conclusión, indíquellela vostede, facendo fincapé en que ambas as estruturas son correctas e en que a elección dunha ou doutra vai depender do que se queira matizar en cada caso.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que se fixen na ilustración de cada unha das viñetas e pregúntelles que cambia na información. Probablemente non terán dificultades para referiren o que acaban de ver en “Antes de comezar”, pero, de non ser así, recórdellelo. Logo, indíquelles que lean as frases que aparecen debaixo das viñetas e que completen o resumo do recadro.

Solución

Cando queremos describir unha situación en proceso, empregamos o *copretérito*. Para presentar un feito como un proceso completamente rematado, usamos o *pretérito*.

B. Pídalles agora aos estudantes que lean as frases, atendendo principalmente ás interpretacións que se ofrecen nas parénteses, e que escollan a forma verbal máis axeitada para cada unha. Se lle parece necesario, remítaos á epígrafe “Falar de feitos pasados: pretérito e copretérito” da sección de gramática, na páxina 21. Concédalles uns minutos e, cando rematen, anímeos a contrastaren as súas respostas coas dun compañeiro. Logo propónalles unha posta en común entre todos para aclaralo.

Solución

Onte cando **volvía** á casa atopei a Álex.

Cando **chegaron** ao hospital, naceu a nena.

Cando os secuestradores **fuxían**, chegou a policía.

Cando lago **baixou** as escaleiras, atopou un chaveiro.

Cando **atravesaba** a rúa, lembrei que non tiña cartos.

E DESPOIS

Se lle parece oportuno, pídalles que, en parellas ou en grupos de tres, escriban unha ou dúas frases nas que se poida xogar co mesmo cambio de forma verbal. Ao final, pode apuntalas no encerado e preguntarlles en que

Momentos especiais

consisten as diferenzas en cada caso. Logo recórdelles aos seus alumnos que, ademais do valor do copretérito traballado nesta actividade, este tempo verbal se emprega normalmente para facer descrições ou para narrar as circunstancias que rodean os feitos pasados.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 91, exercicio 1.

Páxina 92, exercicios 3 e 4.

4. MASCULINO OU FEMININO?

Observar a concordancia entre as palabras nas oracións e deducir o xénero dalgunhas palabras.

ANTES DE COMEZAR

Escriba a palabra **Xénero** no encerado e pregúntelles aos seus alumnos que entenden por este termo no ámbito das palabras. Escoite as súas respostas e, se non acertan, dígalles que se trata dunha **categoría gramatical que divide as palabras dunha lingua en masculinas, femininas e neutras**. Se ten estudantes cuxa lingua propia é distinta ao galego, pregúntelles que xéneros poden ter as palabras no seu idioma. Logo, aclárelles que en galego hai os xéneros masculino e feminino e facilítelles un exemplo de cada caso (**labor** e **árbore**, respectivamente, por exemplo).

Dígalles, ademais, que hai palabras que non pertencen exactamente a ningún xénero, pero podemos saber se se refiren a unha entidade masculina ou feminina debido ao contexto ou a outras palabras coas que se relacionan na oración (artigos, adxectivos, pronomes...). Como exemplo, pode escribir no encerado: o **cantante** e a **cantante**, facéndolles notar que a palabra remarcada é invariable e que sabemos que se trata dun home ou dunha muller a través do artigo masculino ou feminino que a precede en cada caso.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles que lean individualmente as frases. Logo, indíquelles que, en parellas, deberán reparar nas palabras subliñadas e identificar o seu xénero. Recórdelles que os outros elementos cos que se relacionan estas palabras nas oracións poderán darlles algunhas pistas.

Solución

1. cor – feminino
2. capital – feminino
3. hache – masculino
4. legumes – masculino
5. arte – feminino
6. paisaxe – feminino
7. participantes/marroquís – masculino ou feminino
8. leite – masculino
9. pianista – masculino
10. estudantes – masculino ou feminino

Cando rematen, propoña unha corrección entre todos. Ao final, centre a atención dos estudantes nos seguintes puntos:

- A palabra *capital* é feminina neste contexto, pero masculina cando significa diñeiro ou bens materiais: *Non montaron a empresa porque non conseguiron o capital necesario.*
- En galego, todas as letras do alfabeto son masculinas: *o a, o b, o c* etc.
- As palabras *participantes*, *marroquís*, *pianista* e *estudantes* teñen a mesma forma para masculino e feminino.
- Cando nun grupo ou colectivo se mesturan elementos masculinos e femininos, a tendencia é facer unha xeneralización con artigos, determinantes ou modificadores masculinos: *Os participantes deste concurso* (poden ser homes e mulleres, nenos e nenas etc.).

Se lle parece oportuno, antes de que pasen á actividade B, remítaos á epígrafe “O xénero das palabras” da sección de gramática, na páxina 21. A continuación, aclare as dúbidas que poidan ter e resalte outros puntos que lle parezan relevantes ou necesarios.

B. Agora, pídalles que sinteticen o que acaban de ver, cubrindo no seu caderno un cadro como o que figura na actividade.

Solución

Masculino

hache, legumes, leite

Feminino

cor, capital, arte, paisaxe

Masculino ou feminino

participantes, marroquís, pianista, estudantes

5. QUE FOI DELES?

Reflexionar sobre a importancia dos signos de puntuación na interpretación da información que se transmite.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que se agrupen en parellas. Logo, explíquelles que na actividade hai dous textos e que ambos se refiren a unha mensaxe que unha rapaza, Ánxela, lle contesta ao seu ex-mozo. Indíquelles que cada membro da parella debe ler un dos textos e logo contarlle ao compañeiro a información extraída. Se lle parece conveniente, pode facilitarlles unha fotocopia da **ficha 3** ou debuxala no encerado, para homoxeneizar o desenvolvemento da actividade.

A continuación, pídalles que intercambien o texto co compañeiro. Cando terminen de lelo, leve a cabo unha corrección en conxunto, na que repase as preguntas da **ficha 3** para os dous textos e aclare as dúbidas que poidan ter os estudantes.

Para rematar, pregúntelles aos estudantes como cren que seguirá a relación entre Ánxela e Xoán a partir de cada unha das versións da mensaxe. Oriénteos para que xustifiquen as súas respostas en cada caso.

B. Agora, mantendo as mesmas parellas do ítem anterior, propóñalles que discutan sobre a función de cada un dos signos de puntuación que figuran nos textos. Se lle parece oportuno, remítaos á epígrafe “Emprego dos signos de puntuación” da sección de gramática, na páxina 21. Cando rematen, corríxao nunha posta en común.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 94, exercicio 8.

6. E, PERO, OU...

Observar o emprego de conxuncións coordinantes e reflexionar sobre o seu significado.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado: **Estudo pola mañá. Traballo pola tarde.** A continuación, dígalles aos seus alumnos que se trata de dúas oracións curtas e independentes. Logo, pregúntelles se saben como se podería dicir o seu contido nun só enunciado. Se non son quen de contestar **unindo as dúas oracións coa conxunción e**, explíquelles que se pode facer e, deseguida, escriba no encerado o novo enunciado: **Estudo pola mañá e traballo pola tarde.**

A continuación, dígalles que este proceso se denomina **coordinación** e que, ademais de **e**, hai outras conxuncións coordinantes con distintos significados.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos estudantes que, en parellas, lean as frases do recadro e que se fixen nas conxuncións marcadas en grosa. Logo, entre os dous, deben discutir sobre o significado de cada unha, para que se empregan e que funcións cumpren.

Concédalles uns minutos para que o fagan e logo propoña unha corrección entre todos, na cal cada parella le unha frase e di o valor ou o significado da conxunción empregada. Cando remate unha parella, dígalles aos demais alumnos que poden engadir información ou expoñer as dúbidas que teñan. Aclare e corrixa o que sexa necesario e aproveite para remitir os seus alumnos á epígrafe “Coordinar oracións” da sección de gramática, na páxina 21.

A continuación, se lle parece conveniente, pídalles aos estudantes que volvan ler as frases do recadro e que intenten substituír a conxunción en cada caso por outra co mesmo valor semántico. Cando rematen, volva facer unha corrección entre todos.

B. Agora, dígalles aos seus alumnos que, individualmente, deberán buscar a conxunción máis

axeitada para unir os fragmentos de frases das dúas columnas e así ter seis enunciados completos. Cando rematen, deixe que comparen os seus resultados cos dun compañeiro e, para finalizar, corríxao nunha posta en común.

Solución

1. *Queres unha cervexa **ou** prefires un refresco?*
2. ***Ora** di que está ben coa moza, ora quere deixala.*
3. *Fun ao supermercado **e** merquei comida para todos.*
4. *Non sae cos seus amigos **nin** os recibe na casa.*
5. *É un tipo moi solitario, **ou** sexa, non se relaciona moito coa xente.*
6. *Ten moita experiencia, **porén** non lle deron o traballo.*

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 93, exercicio 7.



7. LENDAS URBANAS

Ler dúas historias en pretérito e completalas cunha serie de circunstancias en copretérito.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos se entenden a que se refire o concepto de lenda urbana. Deixe que expoñan as súas ideas e, a seguir, comparta con eles a seguinte definición:

Unha lenda urbana é unha historia increíble que circula entre a xente, que se narra de distintos xeitos e que se adoita tomar como certa, aínda que non haxa probas de que sexa verdade (a pesar de que existe a posibilidade de que estea baseada nun feito real).

PROCEDEMENTOS

A. Convide os seus alumnos a que lean individualmente as dúas lendas urbanas propostas. Logo pídalles que, entre todos, opinen sobre o seu grao de verosimilitude.

B. A continuación, chame a atención dos estudantes sobre o feito de que os textos estean escritos só en pretérito. Dígalles que as frases que se ofrecen neste ítem están en copretérito e que corresponden ás descrições e informacións sobre algunhas circunstancias das dúas historias. Pídalles que as lean e que traten de colocalas no lugar máis axeitado en cada texto. Indíquelles que o poden facer en parellas e, cando rematen, propóñalles unha corrección entre todos.

Solución

Historia 1: 3, 7 e 6.

Historia 2: 4, 8, 1, 2 e 5.

Momentos especiais

Se lle parece oportuno, distribúalles aos seus alumnos unha fotocopia do texto coas circunstancias e/ou descrições engadidas que lle facilitamos na **ficha 4**. Logo, pode pechar este ítem reflexionando sobre a diferenza entre as dúas versións das mesmas historias: a que está construída só con verbos en pretérito e a que presenta o contraste entre o pretérito e o copretérito.

C. Despois de reflexionar sobre que versión da historia lles gusta máis e en que se diferencia unha da outra, pídalles aos seus alumnos que pensen noutras lendas urbanas que coñezan e que as conten na clase.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 91, exercicio 2.

8. QUE APURO LEVEI!

Ler unha historia. escoitar o comezo dunhas anécdotas e imaxinar un final para cada unha.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Chame a atención dos estudantes sobre aspectos coma a brevidade e a axilidade deste tipo de textos e sobre o emprego que se fai dos conectores.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado **Que apuro!** e pregúntelles aos seus alumnos se saben cando se emprega. Se non contestan correctamente, dígalles vostede que se trata dunha **expresión que indica unha reacción ante unha situación comprometida, embarazosa ou de difícil solución**. Explíquelles que tamén se poden empregar co mesmo valor as expresións **Que aperto!** ou **Que vergoña!**

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos estudantes que lean a anécdota que conta Wataru nunha páxina web, na que algunhas persoas que visitan Galicia escriben para contar situacións embarazosas que experimentaron durante a súa viaxe. Tras a lectura, entréguelles unha fotocopia da **ficha 5**, para que marquen se as afirmacións que nela aparecen son verdadeiras ou falsas.

B. Indíquelles aos seus alumnos que van escoitar tres persoas e que cada unha conta o principio dunha anécdota relacionada cun momento da súa vida no que pasou moita vergoña. O seu traballo consistirá en imaxinar como remata cada historia. Póñalles o audio unha vez e, se percibe que algún alumno tivo dificultade para entendelo, volva poñelo. Ademais, sería conveniente facer unha pequena pausa despois de cada anécdota para que os estudantes poidan tomar as notas que precisen.

Déalles o tempo necesario e logo faga unha posta en común.

C. A continuación, infórmeos de que poderán escoitar as anécdotas completas e comprobar se os finais das historias coinciden cos que eles imaxinaron previamente.

9. TITULARES DE XORNAL

Relacionar fragmentos de frases para formar un enunciado completo. Escribir unha noticia de prensa a partir dun titular.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Para formar o titular a partir do cal van elaborar a noticia, os estudantes deberán relacionar unha parte das frases da columna da dereita (**1-6**) coa terminación máis axeitada da columna da esquerda (**a-f**).

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado as palabras **título** e **titular**. Pregúntelles aos estudantes que diferenza existe entre estas dúas palabras. Agarde ata que contesten e, se non o fan, déalles vostede a resposta: o **título** refírese ao nome dunha obra (un filme, un libro, un artigo...), mentres que o **titular** é a frase que encabeza unha noticia de prensa.

PROCEDEMENTOS

Coméntelles aos seus alumnos que van escribir unha breve noticia de prensa a partir dun titular. Pídalles que, individualmente, escollan un número do 1 ao 6. A seguir, comprobe que números escolleron para formar as parellas. Indíquelles que, primeiramente, van relacionar unha frase da primeira columna coa terminación máis axeitada da segunda. Cando rematen, faga unha posta en común.

Solución

1 - b; 2 - f; 3 - e; 4 - d; 5 - c; 6 - a.

Unha vez completados todos os titulares, dígalles que cada parella vai escribir a noticia do titular correspondente ao número que escolleu. Déalles o tempo que precisen e ofrézalles a súa axuda durante o proceso. Cando rematen, pódelle pedir a cada parella que lea a súa noticia e, ao final, entre todos poden elixir a máis orixinal ou curiosa.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 92, exercicio 5.

10. O MISTERIO DE ROCÍO B.

Escribir unha historia a partir dos sons dunha gravación e dunha serie de palabras.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

É necesario que os estudantes sexan conscientes da necesidade de empregar conectores que estruturen o relato e de escoller os tempos verbais adecuados.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado as palabras que aparecen na epígrafe B e informe os seus alumnos de que as

van atopar na historia. Logo, pídalles que as lean e que pensen en que tipo de historia podería ser. Probablemente obterá respostas que suxiran que se trata dunha historia **de medo, de suspense, de terror...**

PROCEDEMENTOS

A. Móstralles agora o debuxo da actividade e preséntelles a Rocío B. no momento en que chega á casa rural, onde vai pasar a fin de semana. Infórmeos de que van escoitar todos os sons que envolven o relato, como se se tratase dunha historia radiofónica. Pídalles que tomen notas de todo o que pasa.

Coloque o audio unha vez. Cando termine, permita que os estudantes comenten e comparen as súas notas en pequenos grupos. Faga unha posta en común soamente no caso de que xurdan dúbidas moi concretas.

B. Distribúa os seus alumnos en parellas e pídalles que, coas súas notas e co léxico proposto, escriban a historia do que lle pasou aquela noite a Rocío B. Se lle parece necesario ou se llo piden os seus alumnos, deixe que escoiten de novo a gravación.

E DESPOIS

Se dispón de tempo, pode recoller os textos e levalos para corrixir. Na clase seguinte, coméntelles os resultados e repase con eles os contidos léxicos ou gramaticais que lle parezan necesarios.

11. MOMENTOS

Contar anécdotas persoais.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

É importante que os estudantes leven a cabo un proceso de evocación previo para que poidan recordar os momentos sobre os que terán que falar.

ANTES DE COMEZAR

Escriba as seguintes expresións no encerado: **emocionarse, pasar medo, rir moito, quedar sen palabras e pasar moita vergoña.** Móstralles a imaxe do libro e asegúrese de que todos comprendan as expresións.

A continuación, agrúpeos en parellas e pídalles que pensen en que situacións adoitan sentirse así. Déalles uns minutos e realice unha posta en común para obter o maior número de situacións posible.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles agora que, individualmente, intenten recordar unha experiencia que tiveron ao longo das súas vidas, na que pasaron por algunha das situacións anteriores. Se o prefiren, permítalles facelo con datos ficticios.

Indíquelles que poden elaborar un primeiro borrador empregando as preguntas propostas no libro:

Onde estabas?

Con quen?

Cando foi?

Que estabas facendo?

Que tempo ía?

B. Concédalles suficiente tempo para que o fagan e, despois, anímeos a contar a súa historia ante a clase. Se é posible, grave as súas intervencións para que autoavalíen logo a súa produción oral.

Ao final, decidirán entre todos cal é a historia máis interesante ou impresionante.

E DESPOIS

Propónalles un xogo aos seus alumnos. Para iso, pode fotocopiar e recortar as tarxetas que lle facilitamos na **ficha 6** ou tomalas como modelo para elaborar outras que considere máis axeitadas.

Pídalles aos estudantes que se dispoñan en círculo e estableza un sistema de quendas (por exemplo, pasarse unha pelota ou calquera outro obxecto). Cando lle toque a un, debe coller unha tarxeta e ler o seu contido (cada unha contén o final dunha anécdota). Logo teñen que contar a historia completa. Pero, atención: o tempo do que dispoñen para facelo é de só **un minuto**.



12. DEPORTISTAS DE ELITE

Ler e comentar un texto sobre deportistas de elite galegos. Falar de deportistas doutros lugares.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade pretende acercar o estudante ao mundo do deporte en Galicia, ofrecéndolles unha perspectiva da súa evolución nos últimos anos e presentándolles algúns deportistas de elite.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado estes tres nomes: **Óscar Pereiro, Michel Salgado e David Cal.** Pregúntelles aos seus alumnos: **Sabedes que teñen en común estas tres persoas?** Espere a que alguén diga que os tres son deportistas e, se non hai respostas, fágao vostede.

Unha vez establecido o tema, pregúntelles se coñecen outros deportistas galegos.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos estudantes que abran o libro na páxina 24 e móstralles as fotos dos deportistas que aparecen: **Óscar Pereiro**, ciclista; **Estefanía Hernández**, taekwondista; **Carlos Pérez Rial**, piragüista.

Momentos especiais

A continuación, pídalles que lean o texto e que comenten cos seus compañeiros se os coñecen e que saben deles.

Se o considera oportuno, faga unha breve posta en común acerca da información que achegou o texto.

B. Convide agora os estudantes a leren as curiosidades que aparecen neste ítem sobre David Cal, Óscar pereiro e Michel Salgado. Logo, pregúntelles se coñecen datos curiosos coma estes referidos a outros deportistas. Se traballa cun alumnado estranxeiro, pregúntelles que saben sobre os deportistas do seu país e dispóñase a escoitalos.

Para rematar, promova un debate no que os seus alumnos falen sobre a situación do deporte na actualidade en Galicia ou no seu lugar de orixe. Pode propoñerlles os seguintes temas: **que deporte é o máis popular; quen practica máis deporte; se se fomenta a práctica dalgún deporte en particular; se existen ou non boas instalacións deportivas; se hai investimento público no deporte etc.**

E DESPOIS

Propómoslle os textos da **ficha 7**, por se desexa ampliar información sobre os deportistas que aparecen nas fotografías que ilustran o artigo.